

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

Anuncio de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM no polígono de A Grela-Bens, Fábrica de Armas de A Coruña e campo de fútbol de Eirís. Expediente 631/2015/99

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o día 8 de maio de 2017, aprobou definitivamente a modificación puntual do PXOM no polígono industrial de A Grela-Bens, Fábrica de Armas de A Coruña e campo de fútbol de Eirís, redactado polos Servizos técnicos e xurídicos municipais.

Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co previsto no artigo 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O acordo publicouse no Diario Oficial de Galicia o día 5 de xullo de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 88.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e artigo 212 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei 2/2016, o expediente completo da modificación puntual foi remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia o día 5 de xuño de 2017 para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Aos efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 82.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, 199.3 e 215 do Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro) e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publícanse a continuación as determinacións normativas da modificación puntual aprobada.

A Coruña, 5 de xullo de 2017

Concelleiro responsable de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

PD. (Decreto do 15 de xuño de 2015)

Xiao Varela Gómez

DETERMINACIÓNS NORMATIVAS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

“4.1. DETERMINACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS NORMAS URBANÍSTICAS DO PXOM

De conformidade co sinalado nos informes emitidos durante o proceso de tramitación da modificación puntual ante as administracións autonómica e estatal, inclúense as seguintes determinacións complementarias á regulación das NN.UU. do PXOM vixente:

- **Artigo 7.2.6. Norma Zonal 6. ACTIVIDADES ECONÓMICAS, subzona 2, INDUSTRIAL - COMERCIAL (POLÍGONO A GRELA - BENS).**

Engádesse un derradeiro parágrafo no apartado 4, subapartado b.11) “Condicións estéticas”, do artigo 7.2.6. NORMA ZONAL 6. ACTIVIDADES ECONÓMICAS, resultando a seguinte redacción:

“b.11) Condicións estéticas.

Consideraranse como fachadas e como tales deberanse tratar, todos os paramentos que constituían o peche das construcións, prohibíndose o falseamento dos materiais empregados os cales representaranse no seu verdadeiro valor.

Permítese os revocos obrigándose a o seu mantemento permanente en bo estado de conservación.

As construcións auxiliares e complementarias da actividade deberán ofrecer un nivel de acabado de igual calidade á da instalación principal.

Os rótulos ou letreiros de identificación utilizarán materiais de calidade e acabado axeitados para o seu correcto mantemento prohibíndose os luminosos que produzan cegamentos directos ou escintilacións que poidan afectar ao tráfico rodado. Non se admiten os paneis en bandeira.

Os espazos libres de edificación deberán tratarse con pavimentos axeitados ou xardinaría que concrete o seu uso específico, debéndose manter en correcto estado de limpeza.

As parcelas poderán dispor de peches continuos e permanentes ao longo dos seus lindeiros con outras parcelas, que poderán ter un deseño tal que a súa parte maciza non exceda dunha altura dun (1) metro e a súa altura total non sexa superior a dous metros cincuenta centímetros (2,50), podendo acompañarse ou non con elementos vexetais para impedir as vistas.

A aliñación da parcela poderá pechase ou non, debendo, neste último caso, identificarse o espazo de recuamento mediante zonas pavimentadas ou axardinadas en correcto estado de mantemento.

As edificacións de uso industrial que se constrúan no bordo entre as zonas industrial e residencial, ademais de incorporar elementos vexetais no seu fronte que sirvan de colchón vexetal, en cumprimento do previsto no artigo 91 da LSG/16, deberán deseñarse de tal xeito que acaden a maior congruencia posible coa contorna urbana residencial.”

• **Ficha EG/VL-10 “Campo de Fútbol de Eirís”.**

Na casiña “Condicións de xestión e execución:”, inclúense as seguintes determinacións:

“Ámbito inserido no Xacemento Romano de Eirís (Ficha 014) e no entorno de protección do Forte de Valparaíso (Ficha 012), ambos os dous grafados nas fichas e nos planos de Catálogo. Modificación proposta. Parque de Eirís. Plano n.º C3.

Calquera actuación deberá estar condicionada ao resultado dunha actuación arqueolóxica de carácter previa que avalíe a potencialidade arqueolóxica do espazo e a viabilidade da mesma.

De conformidade co disposto no artigo 5.2.6.2. Clase dotacional de espazos libres, das NN.UU., cando pola diferenza de cotas no terreo sexa posíbel, permitírase dispoñer usos de equipamento baixo o espazo libre, sempre e cando se manteña a utilización do espazo sobre cuberta como uso dotacional de espazos libres.”.

De xeito adicional engadírase ao final da ficha a seguinte observación, referida ao contido do instrumento de execución necesario para levar a cabo a actuación:

“(*1) O proxecto de obras deberá incorporar un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP), que deberán conter un apartado específico sobre a incidencia das obras nos elementos do patrimonio arqueolóxico presentes no Parque de Eirís (Forte de Valparaíso e Xacemento Romano).”

• **Ficha EL-9 “Avda. Pedralonga (Fábrica de Armas)”.**

Na casiña “Condicións de xestión e execución:”, dada a súa parcial inclusión na delimitación do territorio do Camiño de Santiago Inglés, incorpóranse as seguintes determinacións:

“Os usos e actividades que se poderán desenvolver na parcela estarán limitados polos usos e actividades prohibidos nos Camiños de Santiago, (artigo 78 LPCG/16).

Calquera actuación sobre o ámbito afectado pola delimitación do Camiño de Santiago terá que ser autorizada pola consellería competente en materia de Patrimonio Cultural (art. 39 LPCG/16).

No ámbito cualificado como espazo libre deportivo, aos efectos da integración paisaxística no territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés e no conxunto da Fábrica de Armas, prohibese a publicidade exterior e a instalación de calquera tipo de soportes publicitarios.

A realización de novas construcións estará condicionada á redacción dun estudo de detalle de ordenación de volumes, que abranguerá a totalidade do espazo cualificado como espazo libre deportivo, e limitará a ocupación das novos volumes e equipamentos deportivos cubertos ao 7% da superficie do ámbito e a unha planta de altura.

No caso anterior, o estudo de detalle deberá contemplar o deseño dos peches da parcela e aparcadoiro en superficie, de conformidade co disposto nos artigos 6.8.1 e 5.2.6.2., aptdo 4, respectivamente, das NN.UU. do PXOM.

De conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en concordancia co previsto no artigo 80.2. da LSG/16 e o 194.2 do RLSG/16, o estudo de detalle deberá ser informado pola DXPC”.

• **Ficha elementos etnográficos 012a “Hórreo Pedralonga”.**

Complétase o catálogo cunha nova ficha 012a “Hórreo de Pedralonga”, complementaria da existente no plan, na que se establecen as condicións de protección pormenorizadas, de aplicación ao elemento catalogado singularizado, seguintes:

“O elemento catalogado e a súa contorna de protección están integramente inseridos no ámbito da “Delimitación do Territorio” do Camiño de Santiago Inglés, aprobado polo Decreto 110/14, do 4 de maio.

O hórreo existente formaba parte dun conxunto de tres edificacións de uso residencial, aliñadas a o longo da antiga estrada de Santiago, a seu paso polo núcleo de Pedralonga. Estaba acaroadado na cara norte dunha pequena construción, cuxo uso probábel fose o de alpendre.

Na actualidade este conxunto está completamente alterado, xa que as dúas primeiras vivendas situadas ao sur están desaparecidas, permanecendo en pé unicamente parte de un muro de pedra, no que poden apreciarse restos de antigos fogares de chemineas.

En substitución das edificacións desaparecidas realizáronse unha serie de construcións destinadas aparentemente a usos de alpendre vencellados á vivenda existente e de ampliación desta, rodeando completamente o hórreo e dificultando a súa contemplación.

Calquera tipo de obra sobre as construcións existentes, das previstas nos artigos 1.4.8. Obras nos edificios, 1.4.9. Obras de demolición e 1.4.10. Obras de edificación, deberán levar aparellada a desaparición das construcións accesorias existentes non recollidas na ficha.

O réxime de obras permitido sobre o elemento catalogado e a súa contorna, será o regulado polos artigos 4.1.18 a 4.1.21. das NN.UU. do PXOM.

De conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, calquera actuación na contorna de protección do ben catalogado requirirá da autorización previa da Consellaría competente en materia de protección do Patrimonio.

No ámbito cualificado como espazo libre deportivo, aos efectos da integración paisaxística no territorio histórico do Camiño de Santiago Inglés e no conxunto da Fábrica de Armas, prohíbese a publicidade exterior e a instalación de calquera tipo de soportes publicitarios.

A realización de novas construcións estará condicionada á redacción dun estudo de detalle de ordenación de volumes, que abranguerá a totalidade do espazo cualificado como espazo libre deportivo, limitará a ocupación de novos volumes e equipamentos deportivos cubertos ao 7% da superficie do ámbito e a unha planta de altura.

No caso anterior, o estudo de detalle deberá contemplar o deseño dos peches da parcela e aparcadoiro en superficie, de conformidade co disposto nos artigos 6.8.1. e 5.2.6.2., aptdo 4, respectivamente, das NN.UU. do PXOM.

De conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en concordancia co previsto no artigo 80.2. da LSG/16 e o 194.2. do RLSG/16, o estudo de detalle deberá ser informado pola DXPG.”

• **Ficha elementos arqueolóxicos 012 “Forte de Valparaíso”.**

Modifícase a ficha 012 “Forte de Valparaíso”, aos efectos de grafar correctamente a simboloxía correspondente á contorna de protección do elemento catalogado.

Ficha elementos arqueolóxicos 014 “Xacemento romano de Eirís”.

Modifícase a ficha 012 “Forte de Valparaíso”, aos efectos de grafar correctamente a simboloxía correspondente ao elemento catalogado.

4.2.1. CONDICIÓN DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E SECTORIAL

4.2.2. Protección do Patrimonio.

Nos ámbitos obxecto de modificación puntual incluídos no Catálogo, resultarán de aplicación as condicións reguladas nos artigos 4.1.6. a 4.1.13, e 4.1.18. a 4.1.21. das Normas Urbanísticas do PXOM/13, coas modificacións que resultan da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, nos termos da súa Disposición Transitoria Cuarta.

4.2.3. Servidumes de protección de estradas.

No ámbito recualificado coma sistema local de espazos libres deportivo “PD (Pb)”, acaroadado á Fábrica de Armas de A Coruña, resultarán de aplicación as limitacións á propiedade derivadas das servidumes establecidas na Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas do Estado, reguladas no artigo 4.7.4. das Normas Urbanísticas do PXOM/13.

4.2.4. Servidumes de protección aeronáuticas.

No ámbito recualificado coma sistema local de espazos libres deportivo "PD (Pb)", acaroado á Fábrica de Armas de A Coruña e no ámbito correspondente ao campo de fútbol de Eirís "EL (Pb)", resultarán de aplicación as limitacións á propiedade derivadas das servidumes establecidas no Real Decreto 297/2013, do 26 de abril, polo que se modifica o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de Servidumes aeronáuticas, recollidas no artigo 4.7.1. das Normas Urbanísticas do PXOM/13, polo que a execución de calquera construción, instalación (postes, antenas, aerogeneradores – incluídas as palas –, medios necesarios para a construción (incluídas as grúas de construción e similares)) ou plantación, requirirá acordo favorable previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA).

4.2.5. Zona de seguridade da Fábrica de Armas de A Coruña.

O ámbito recualificado coma sistema local de espazos libres deportivo "PD (Pb)", acaroado á Fábrica de Armas de A Coruña, está incluído na Zona de seguridade da Fábrica de Armas de A Coruña delimitada pola Orde 155/1982, do 12 de novembro, publicada no B.O.E. núm. 282, do 24 de novembro, polo que as actuacións que se realicen no ámbito requirirán o informe do Ministerio de Defensa".

4.4. FICHAS DAS ACCIÓNS PREVISTAS.

- VL 9 "Rúa José M^a Rivera Corral".
- EL-9 "Avda. Pedralonga (Fábrica de Armas)".
- EG/VL-10 "Campo de fútbol de Eirís".


4.5. FICHAS DO CATÁLOGO.

ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS:

- 012a "Hórreo de Pedralonga".
- 012 "Forte de Valparaíso".
- 014 "Xacemento romano de Eirís".

Acción: Calle José M^a Rivera Corral

VL-9



Ámbito (Distrito 2):

Suelo URBANO en Calle José M^a Rivera Corral.

SUPERFICIE TOTAL 90,03 m²

Objetivos:

Ensanchar la Calle José M^a Rivera Corral creando un colchón vegetal que minimice el impacto de las nuevas edificaciones en el Parque de Vioño y su entorno.

Condiciones de gestión y ejecución:

Superficie a obtener	0,00 m ²
Techo principal	0,00 m ²
Techo secundario	0,00 m ²
Instrumento de planeamiento	Plan General
Iniciativa del planeamiento	Pública
Sistema de obtención	
Programación	1
Instrumento de ejecución	Proyecto de Obras
Iniciativa proyecto	Pública
Gestión del suelo	Municipal
Ejecución	Municipal

Costes:

Coste de/suelo	0,00 €
Coste proyecto y ejecución	12.000,00 €
Coste total	12.000,00 €



plano 66

Julio 2016

MODIFICACIÓN DEL POOM

1:1.000



N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

red viaria	[Línea verde]	G	S I S T E M A S
espacios libres	[Línea amarilla]	G	
equipamientos	[Línea azul]	G	
infraestructuras	[Línea roja]	G	
red ferroviaria	[Línea morada]	G	
espacios portuarios	[Línea naranja]	G	

OB
T
E
N
C
I
O
N



Acción: Avda. Pedralonga (Fábrica de Armas)

EL-9



Ámbito (Distrito 8):

Suelo URBANO CONSOLIDADO Avda. Pedralonga (Fábrica de Armas)

SUPERFICIE TOTAL 16.358,29 m²

Objetivos:

Obtener el suelo necesario para sistema local de espacios libres, Parque Deportivo.

Condiciones de gestión y ejecución:

Superficie a obtener	16.358,29 m ²
Techo principal	0,00 m ²
Techo secundario	0,00 m ²
Instrumento de planeamiento	Plan General
Iniciativa del planeamiento	Pública
Sistema de obtención	Compra
Programación	1er. Año
Instrumento de ejecución	
Iniciativa proyecto	Pública
Gestión del suelo	Municipal
Ejecución	Municipal

Incluido en la Zona de Ordenación del POL.
Incluido parcialmente en zona de servidumbre de carreteras.

Incluido en Zona de Servidumbre Aero-náutica.
Incluido parcialmente en el trazado del Camino de Santiago Inglés y entorno de protección del hórreo de Pedralonga.

Los usos y actividades a desarrollar en la parcela estarán limitados por los usos y actividades prohibidos en los Caminos de Santiago, recogidos en el artículo 78 de la Ley 5/2016, de 4 de mayo, del Patrimonio Cultural de Galicia.

Cualquier actuación en el ámbito, tendrá que ser autorizada por la Consellería competente en materia de Patrimonio Cultural (art. 39 LPPCG/16).

Costes:

Coste del suelo	1000.000,00	€
Coste proyecto y ejecución		€
Coste total	1000.000,00	€



red viaria	L	G	S I S T E M A S
espacios libres	L	G	
equipamientos	L	G	
infraestructuras	L	G	
red ferroviaria	L	G	
espacios portuarios	L	G	

OB
T
E
N
C
I
O
N

plano 103/112

Julio 2016

MODIFICACIÓN DEL PGOM

1:2.000
0 5 10 m.



Ayuntamiento
Concello da Coruña



Acción: Campo de Fútbol de Eirís

EGVL-10



Ámbito (Distrito 8):

Suelo URBANO CONSOLIDADO Campo de Fútbol #Eirís

SUPERFICIE TOTAL 9.292,17 m²

Objetivos:

Mejora del acondicionamiento como campo de fútbol de las instalaciones existentes en la ciudad

Condiciones de gestión y ejecución:

Superficie a obtener 210,80 m²

Techo principal 0,00 m²

Techo secundario 0,00 m²

Instrumento de planeamiento Plan General

Iniciativa del planeamiento Pública

Sistema de obtención Expropiación/Permuta forzosa

Programación 1er. Año

Instrumento de ejecución Proyecto de Obra + EIMP (*)

Iniciativa proyecto Pública

Gestión del suelo Municipal

Ejecución Municipal

Incluido en la Zona de Ordenación del POL.

Ámbito incluido en los entornos de protección del Fuerte de Valparaiso (Ficha 02) y Yacimiento Romano de Eirís (Ficha 04).

Costes:

Coste del suelo 39.068,93 €

Coste proyecto y ejecución 1387.395,02 €

Coste total 1426.463,95 €

(*) El Proyecto de Obras deberá incorporar un Estudio de Impacto e Integración Paisajística



plazo **78/86**

red viaria	L	G	S I S T E M A S
espacios libres	L	G	
equipamientos	L	G	
infraestructuras	L	G	
red ferroviaria	L	G	
espacios portuarios	L	G	

OBJETIVO

Junio 2016

MODIFICACIÓN DEL PGOM

1:2.000



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



DENOMINACIÓN:	Hórreo de Pedralonga	Ficha Nº 012a	
Localización:	Lugar de Pedralonga	Plano nº:	O10
Coordenadas:	UTM-X: 549.365 UTM-Y: 4.797.812	Código nº:	012a
Altitude:	43,36 m.s.n.m.		
Adscrición tipolóxica:	Hórreo		
Adscrición cultural:	Arquitectura Tradicional.		
Descrición:	<p>O elemento catalogado e a súa contorna de protección, están integramente incluídos no ámbito de Delimitación do Territorio do Camiño de Santiago Inglés, aprobado polo Decreto 110/14, do 4 de maio.</p> <p>O hórreo existente formaba parte dun conxunto de tres edificacións de uso residencial, aliñadas ao longo da antigüa estrada de Santiago, ao seu paso polo núcleo de Pedralonga. Estaba encostado na cara norte dunha pequena construción, cuxo uso probable fose o de almacén.</p> <p>Na actualidade este conxunto está completamente alterado, xa que as dúas primeiras vivendas situadas ao sur están desaparecidas, permanecendo en pé unicamente parte dun muro de pedra, no que poden apreciarse restos de antigas embocaduras de chemineas.</p> <p>En substitución das edificacións desaparecidas realizáronse unha serie de construcións destinadas aparentemente a usos de almacén vinculados á vivenda existente e de ampliación desta, rodeando completamente o hórreo e dificultando a súa contemplación.</p> <p>Calquera tipo de obra sobre as construcións existentes, das previstas nos artigos 1.4.8. Obras nos edificios, 1.4.9. Obras de demolición e 1.4.10. Obras de edificación, deberán de levar aparelada a desaparición das construcións accesorias existentes non recollidas na ficha.</p> <p>O réxime de obras permitido sobre o elemento catalogado e a súa contorna, será o regulado polos artigos 4.1.18 a 4.1.21. das NN.UU. do PXOM.</p> <p>De conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, calquera actuación na contorna de protección do ben catalogado requirirá de autorización previa da Consellería competente en protección do Patrimonio.</p>		

Ámbito de protección: Nivel I (Art. 4.1.20 das Normas Urbanísticas)

Contorna Protección: Definida gráficamente nos planos e regulada no artigo 4.1.21 das Normas Urbanísticas



Xullo 2016

REVISIÓN DEL PGOM


Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

LOCALIZACIÓN: Pedralonga


Ficha Nº 012a



PGOM-2013 (etnografía)



Fermín Gutiérrez (1931)




PLANO DETALLE
Escala 1:500

1, 2 e 3, construcións descontextualizadas que deberán ser eliminadas no caso de realización das obras previstas no apartado 4 da Modificación Puntual.

- | | |
|-------------------------------|---|
| ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS | |
| | PROTECCIÓN GRADO I |
| | PROTECCIÓN GRADO II |
| | CONTORNO DE PROTECCIÓN |
| | ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL HÓRREO |
| | ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL LAVADERO/FUENTEIRIO |
| | ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL CRUCERO |

Xullo 2016


MODIFICACIÓN DO PXOM



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ELEMENTO ARQUEOLÓGICO: Forte de Valparaíso

Ficha Nº 012



plano 010-078,086

- ELEMENTOS ARQUEOLÓGICOS**
-  PROTECCIÓN GRADO I
 -  PROTECCIÓN GRADO II
 -  PROTECCIÓN GRADO III
 -  CONTORNO DE PROTECCION

diciembre de 2011


REVISIÓN DEL PGOM



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de Coruña 

ELEMENTO ARQUEOLÓXICO: Xacemento romano de Eirís

Ficha Nº 014



O10-078,086

- ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
-  PROTECCIÓN GRADO I
 -  PROTECCIÓN GRADO II
 -  PROTECCIÓN GRADO III
 -  CONTORNO DE PROTECCIÓN

dicembre de 2011

REVISIÓN DEL PGOM

1:2.000
0 5 10 20 M



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



